




## O Impacto da pandemia provocada pola COVID-19 no sector TIC de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –  
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



# Índice de Contidos

|                                                |                |
|------------------------------------------------|----------------|
| <b>I. Introducción</b>                         | <b>Páx. 4</b>  |
| <b>II. Impacto sobre o emprego</b>             | <b>Páx. 7</b>  |
| <b>III. Impacto sobre o negocio</b>            | <b>Páx. 11</b> |
| <b>IV. Impacto sobre a xestión do traballo</b> | <b>Páx. 19</b> |
| <b>V. Conclusións</b>                          | <b>Páx. 31</b> |
| <b>VI. Metodoloxía</b>                         | <b>Páx. 33</b> |



# 1. Introducción


# 1. Presentación

O progresivo proceso de dixitalización en todos os ámbitos das relacións sociais e económicas está a vivir un punto de inflexión a causa do impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

A Comisión Europea declarou que esta crise do coronavirus demostrou ata que punto resulta crucial para os cidadáns e as empresas estar conectados e poder interactuar entre si en liña\* e difundiu unha serie de recomendacións sobre o uso da tecnoloxía e os datos para combater e superar a crise do COVID-19, que se recollen resumidos no documento “digital technologies-action in response to coronavirus pandemic”\*\*. Este informe expón medidas de resposta centradas en 5 ámbitos das TIC:

- Uso da Intelixencia Artificial e supercomputadoras como recursos para a detección dos patróns de expansión e prevención da COVID.
- Telecomunicacións, redes e conectividade como recursos máis vitais ca nunca en sociedades coa súa mobilidade restrinxida.
- Plataformas de información online e loita contra a desinformación.
- Servizos dixitais, cultura, atención ao cidadán e colaboración en liña.
- Ciberseguridade para garantir o acceso aos recursos anteriores a todos os cidadáns.

O impacto da pandemia provocada pola COVID-19 e as medidas postas en marcha no ámbito dixital como resposta a esta situación de crise sanitaria estanse a traducir, de xeito inmediato, nun incremento do uso das tecnoloxías, tal e como mostra o índice DESI, que resume o nivel de dixitalización da economía e a sociedade na Unión Europea e que, no ano 2020, medra en todas as súas compoñentes, especialmente, no relativo á conectividade\*\*\*.



Fonte: Comisión Europea

\*[https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/IP\\_20\\_1025](https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/IP_20_1025)

\*\*<https://ec.europa.eu/digital-single-market/en/content/digital-technologies-actions-response-coronavirus-pandemic>

\*\*\*<https://digital-agenda-data.eu/datasets/desi>

## 1.1. Contexto en Galicia e España

Por outra banda, a nivel estatal, os últimos datos publicados polo INE, sinalan que as principais fórmulas aplicadas polas empresas para manter ou recuperar a actividade anterior á dita pandemia son o aumento do teletraballo (44,7%) e a inversión en dixitalización e novas tecnoloxías (15,9%).

Ademais, como medidas para paliar os efectos da crise sanitaria provocada pola COVID, máis do 20% das empresas españolas planea realizar innovacións nos procesos ou inversións en tecnoloxía e dixitalización nos próximos 6 meses e o 11,6% das empresas prevé *implantar novos canais de vendas*.\*

Neste contexto, en febreiro do 2021 a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Galicia Dixital 2030\*\*, que marca as metas na dixitalización para a próxima década na Comunidade Autónoma de Galicia. Unha das prioridades que se establece entre outras é *a aceleración da transición dixital como un desafío estratéxico para a revitalización da economía* e a volta a unha senda de crecemento sostible.

Neste escenario, o Osimga, como instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, desenvolveu este estudo para medir o impacto nas empresas TIC de Galicia a causa da COVID-19. O obxectivo deste informe é analizar a incidencia da pandemia no emprego, no negocio e na xestión do traballo do tecido empresarial TIC galego. Este estudo sinala entre os seus resultados:

- Como incidiu o estado de crise sanitaria no emprego das empresas TIC de Galicia así como a análise do emprego nos seus diferentes subsectores.
- O Impacto no volume de facturación e nos procesos de xestión empresarial do sector TIC galego.
- O grado de implementación das políticas de xestión remota do traballo para permitir dar continuidade á actividade empresarial.

\*[https://www.ine.es/covid/covid\\_economia.htm](https://www.ine.es/covid/covid_economia.htm)


\*\*[https://amtega.xunta.gal/sites/w\\_amtega/files/201211\\_egd2030\\_final\\_v1.2.pdf](https://amtega.xunta.gal/sites/w_amtega/files/201211_egd2030_final_v1.2.pdf)



## 2. Impacto sobre o emprego

## 2. Impacto sobre o emprego

### 2.1. Evolución do emprego no sector TIC




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020.

O mercado laboral e a economía do tecido empresarial sufriron un gran impacto polo estalido da pandemia mundial provocada pola COVID-19, se ben, este impacto difire claramente segundo o sector de actividade. Comparativamente, o sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) é un dos sectores máis resilientes na actual conxuntura, e incluso pódese dicir que crea emprego ao abeiro das novas necesidades e demandas dixitais da sociedade.

O emprego no sector TIC de Galicia pechou o ano 2020, a pesar das múltiples dificultades, con 19.343 traballadores/as, o que supuxo 359 novos empregos en total no último ano e representa un crecemento do 1,9% respecto do ano anterior.

En canto ás áreas de actividade, obsérvase unha evolución moi desigual, sendo as empresas dedicadas ás actividades informáticas e ás telecomunicacións as que soportan o crecemento do sector TIC fronte ao resto dos subsectores. En concreto, as empresas dedicadas ás actividades informáticas son as que rexistran un maior crecemento, concretamente do 5,9%. No subsector da informática, creáronse 672 novos postos de traballo no ano 2020 e conta xa con máis de 12.100 traballadores/as na Comunidade Autónoma de Galicia. En segundo lugar, sitúase o subsector das Telecomunicación que experimenta un incremento do 1,8% e da emprego ata máis de 3.300 traballadores/as en Galicia.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, anos 2019- 2020.

## 2.2. O emprego no sector TIC por xénero e réxime de cotización

A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no sector TIC advirte que o 69,6% dos traballadores son homes fronte ao 30,4% de mulleres. A fenda de xénero aumenta lixeiramente no ano 2020 xa que o crecemento do emprego no sector TIC no último ano segundo o xénero foi do 2,9% no caso dos homes (374 empregos máis) mentres que o emprego feminino experimenta un estancamento.

**Emprego no sector TIC en Galicia: evolución por xénero**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2020.

Segundo o réxime de cotización, o 85% do persoal do sector TIC no ano 2020 cotizou no Réxime Xeral, mentres que o 15% desempeña o seu traballo baixo o Réxime Especial de Autónomos/as.

No último ano, o incremento no Réxime Xeral foi do 2,8%, e no Réxime Especial de Autónomos/as perdéronse efectivos/as.

**Emprego no sector TIC en Galicia: evolución por réxime**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019- 2020.

## 2.3. O emprego no sector TIC por provincias

Segundo a análise provincial, A Coruña, cun 56,5%, e Pontevedra, cun 29,6%, seguen a ser as que concentran un maior número de persoas traballadoras do sector TIC.

En termos evolutivos, cabe salientar un aumento do 6,2% no emprego tecnolóxico na provincia de Lugo, se ben, produciuse un incremento xeralizado no número de ocupados/as no sector TIC en todas as provincias galegas, agás a de Pontevedra, que permanece practicamente estancada en 2020

Emprego no sector TIC en Galicia: evolución por provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, anos 2015-2020.



### 3. Impacto sobre o negocio

# 3. Impacto sobre o negocio

## 3.1 Impacto sobre a demanda de solucións e produtos TIC

A pandemia mundial provocada pola Covid-19 impactou de xeito significativo aínda que desigual na economía global. Os sectores relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) resisten mellor comparativamente.


Un dos impactos con maior incidencia é o incremento da demanda de solucións e produtos TIC, estimulando e acelerando o proceso de transformación do resto de sectores empresariais e proliferando a dixitalización da sociedade galega para adaptarse de xeito adecuado ao novo escenario.

O 34,8% das empresas TIC galegas sinala que as novas circunstancias e necesidades que se xeran na sociedade para mellorar a seguridade no ámbito sanitario engrosaron a demanda dos seus produtos dixitais. En concreto, un 11,4% das empresas do sector TIC galego afirma que se incrementou a demanda da maioría ou de todos os seus produtos e un 23,4% declara que esta nova demanda afectou parcialmente á súa produción.

Polo tanto, o impacto da pandemia ocasionada pola COVID-19 tivo especial incidencia no aumento das necesidades dixitais dos clientes e, en consecuencia, provocou un incremento da produción do sector TIC galego.


A análise de subsectores revela que as empresas de Telecomunicacións son un dos estratos empresariais que experimentaron unha maior demanda dos seus servizos. Un 36,1% destas empresas viu aumentada a venda dos seus produtos, derivado da necesidade de dar resposta á modalidade de teletraballo e na calidade das comunicacións en todos os ámbitos tanto empresariais coma domésticos.

A raíz das novas circunstancias, os seus produtos e servizos viron aumentada a súa demanda no ano 2020?



Fonte: OSIMGA

Aumento da demanda de produtos ou servizos no ano 2020 segundo sector de actividade




Fonte: OSIMGA

### 3.1. Impacto sobre a demanda de solucións e produtos TIC

Cabe salientar que o aumento da demanda de produtos ou servizos TIC produciuse especialmente nas empresas de maior tamaño.


Un 46,2% das empresas TIC galegas de 10 ou máis empregados/as viron incrementada a súa produción en todos ou algúns dos seus produtos fronte ao 33,9% das microempresas.

Aumento da demanda de produtos ou servizos no ano 2020 segundo tamaño da empresa



Fonte: OSIMGA

Aumento da demanda de produtos ou servizos no ano 2020 segundo sede da empresa




Fonte: OSIMGA

## 3.1. Impacto sobre a demanda de solucións e produtos TIC

A situación provocada pola COVID-19 trouxo consigo a aparición de oportunidades e nichos de negocio para os provedores de tecnoloxía galegos.

Entre as empresas TIC que viron aumentada a súa demanda, destaca cun 31% dos casos o incremento de produtos de software e de servizos web, e cun 16% dos casos o aumento da demanda de equipamentos móbiles e comunicación, permitindo o acceso integral ás aplicacións corporativas, ao teletraballo, e á dixitalización global das empresas.

Produtos ou servizos que aumentaron a demanda en 2020. (Porcentaxe de casos)



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC

Produtos ou servizos que aumentaron a demanda en 2020 segundo sector de actividade (Porcentaxe de casos)

| Sector de Actividade         |                     |                |                   |                          |                     |
|------------------------------|---------------------|----------------|-------------------|--------------------------|---------------------|
|                              | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos TIC |
| Comunicacións                | 0,0%                | 8,7%           | 51,5%             | 15,8%                    | 3,3%                |
| Equipamentos móbiles         | 16,0%               | 43,0%          | 24,3%             | 8,7%                     | 21,9%               |
| Software                     | 0,0%                | 29,2%          | 22,3%             | 36,9%                    | 16,4%               |
| Subministros consumibles     | 0,0%                | 4,8%           | 0,0%              | 0,0%                     | 0,0%                |
| Outros servizos              | 0,0%                | 16,5%          | 0,0%              | 26,0%                    | 27,6%               |
| Equipamentos fixos, hardware | 100,0%              | 50,3%          | 0,0%              | 1,6%                     | 21,9%               |
| Formación                    | 0,0%                | 0,0%           | 0,0%              | 1,3%                     | 0,0%                |
| Servizos web                 | 0,0%                | 0,0%           | 42,7%             | 42,1%                    | 6,6%                |
| Outros                       | 0,0%                | 0,0%           | 13,2%             | 6,1%                     | 15,4%               |

Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC

### 3.1. Impacto sobre a demanda de solucións e produtos TIC

**Produtos ou servizos que aumentaron a demanda en 2020 segundo o tamaño da empresa (Porcentaxe de casos)**

|                              | Tamaño                         |                                  |
|------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
|                              | De 0 a 9<br>asalariados/<br>as | 10 ou máis<br>asalariados/<br>as |
| Comunicacións                | 15,3%                          | 15,6%                            |
| Equipamentos móbiles         | 14,4%                          | 34,2%                            |
| Software                     | 29,3%                          | 54,5%                            |
| Subministros consumibles     | ,8%                            | 0,0%                             |
| Outros servizos              | 24,3%                          | 8,8%                             |
| Equipamentos fixos, hardware | 12,0%                          | 17,5%                            |
| Formación                    | ,9%                            | 0,0%                             |
| Servizos web                 | 32,9%                          | 14,7%                            |
| Outros                       | 7,0%                           | 4,4%                             |

Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC

**Produtos ou servizos que aumentaron a demanda en 2020 segundo a ubicación da sede da empresa (Porcentaxe de casos)**

|                              | Provincia da sede  |          |       |         |            |
|------------------------------|--------------------|----------|-------|---------|------------|
|                              | Fóra de<br>Galicia | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
| Comunicacións                | 51,3%              | 17,2%    | 12,2% | 0,0%    | 11,4%      |
| Equipamentos móbiles         | 0,0%               | 14,5%    | 7,7%  | 18,0%   | 23,2%      |
| Software                     | 34,7%              | 39,3%    | 12,3% | 34,2%   | 26,1%      |
| Subministros consumibles     | 0,0%               | 0,0%     | 6,7%  | 0,0%    | 0,0%       |
| Outros servizos              | 0,0%               | 23,6%    | 18,4% | 65,8%   | 20,3%      |
| Equipamentos fixos, hardware | 12,5%              | 12,1%    | 3,7%  | 0,0%    | 17,2%      |
| Formación                    | 0,0%               | 1,7%     | 0,0%  | 0,0%    | 0,0%       |
| Servizos web                 | 34,7%              | 29,6%    | 32,0% | 32,4%   | 32,4%      |
| Outros                       | 0,0%               | 5,6%     | 26,8% | 0,0%    | 3,7%       |


Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC

## 3.2 Impacto sobre o comercio electrónico

O comercio electrónico revelou-se como un dos piares fundamentais para conseguir adaptarse ao actual escenario e tamén coma unha oportunidade de negocio para o acceso a novos mercados e clientes.


No último ano medrou a porcentaxe de empresas TIC que venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, situándose no 31,7%, o que supón un 7,1% máis que o ano anterior. Ademais, tres de cada catro empresas TIC en Galicia tamén realizaron compras de bens ou servizos a través de Internet no ano 2020.

Comercio electrónico nas empresas TIC



Fonte: OSIMGA

Evolución do comercio electrónico nas empresas TIC




Fonte: OSIMGA

## 3.2 Impacto sobre o comercio electrónico

O peso das vendas a través do comercio electrónico tamén experimentou un significativo incremento en 2020. Entre as empresas TIC galegas que venderon por Internet, un 31,4% aumentou o volume de vendas en liñas a raíz das actuais circunstancias de mobilidade reducida debido a crise sanitaria.

Evolución das vendas online nas empresas TIC de Galicia.



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC que realizan vendas online

Os sectores TIC en que máis se incrementan as vendas online en 2020 son os de Outros servicios tic (64,9%) e Industrias manufactureiras TIC (63%).

Por tamaño das empresas TIC, o incremento das vendas online afectou de xeito similar ás empresas de 10 ou máis empregados/as (33%) e ás microempresas (31,2%)


Evolución das vendas online nas empresas TIC de Galicia segundo subsector.



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC que realizan vendas online


## 3.2 Impacto sobre o comercio electrónico

Evolución das vendas online nas empresas TIC de Galicia segundo sede.



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC que realizan vendas online

Evolución das vendas online nas empresas TIC de Galicia segundo tamaño.



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC que realizan vendas online



## 4. Impacto sobre a xestión do traballo


## 4. Impacto sobre a xestión do traballo.

### 4.1. Impacto na relación cos provedores

A Covid-19 modifica substancialmente as relacións con provedores e clientes e obriga a interaccionar a distancia. Neste contexto, resulta esencial o emprego de ferramentas telemáticas nas relacións con clientes e provedores.

Durante o ano 2020, as empresas TIC galegas modificaron o seu modelo de operar, buscando novas fórmulas para polo menos conseguir manter o seu nivel de actividade durante o estado de alarma e o confinamento. Oito de cada dez empresas do sector TIC de Galicia evitou realizar reunións presenciais no ano 2020, implementando novas medidas que permitisen a interacción cos seus provedores e clientes. Así, un 38,2% das empresas TIC de Galicia realizou un uso máis intensivo de ferramentas en liña e un 22,5% empregou novas ferramentas dixitais no ámbito do comercio electrónico.

Cambio producidos por mor da COVID-19 no xeito de mercar e relacionarse cos provedores




Fonte: OSIMGA

Facendo unha análise por sectores de actividade, pódese afirmar que as empresas manufactureiras TIC son as que experimentaron un maior nivel de dixitalización nas súas relacións cos provedores.


O 93,2% optaron por evitar as reunións presenciais, sendo tamén as empresas que en maior medida recorreron ás ferramentas en liña (51,6%).

## 4.1. Impacto na relación cos provedores




Fonte: OSIMGA

Se ben, as empresas grandes evitaron en maior medida a presencialidade nas súas reunións, cabe salientar que o impulso maior na dixitalización experimentárono as microempresas xa que un 37,9% realizou un uso máis frecuente de ferramentas en liña e un 22,6% empregou novas ferramentas dixitais no ámbito do comercio electrónico.



Fonte: OSIMGA


Segundo a ubicación xeográfica da sede detéctanse diferenzas na dixitalización das empresas TIC. As empresas con sede en Lugo optaron en maior medida por implantar ferramentas en liña e empregar plataformas dixitais para o comercio electrónico. No extremo oposto, sitúanse as empresas con sede en Ourense, que rexistran as porcentaxes máis baixas nestes indicadores.



Fonte: OSIMGA

Para a optimización da calidade das comunicacións con clientes e provedores son precisos medios que faciliten un acceso rápido e flexible ao entorno de traballo, dende calquera lugar e momento. En Galicia, a porcentaxe de empresas TIC que conta con conexións de 100 Mbps supera o 76%, case un 15% máis que o ano anterior.

**% de empresas TIC de Galicia con conexión a Internet  
contratada de 100 Mbps ou superior**




Fonte: OSIMGA

## 4.2 Impacto na relación cos clientes

Nas fórmulas de relación cos seus clientes nas empresas TIC galegas, tamén se observa un cambio nas modalidades de interacción e na incorporación de medidas que faciliten a continuidade do negocio.

Sete de cada dez empresas TIC de Galicia evitou reunións presenciais cos seus clientes no estado de alarma e no período de confinamento pero unha de cada tres implementou plataformas ou ferramentas dixitais para facilitar as compras online aos seus clientes.

Cambio producidos por mor da COVID-19 no xeito de vender e relacionarse cos clientes



Fonte: OSIMGA

Conforme aos diferentes sectores de actividade, as empresas comerciais TIC son as que experimentaron un maior nivel de dixitalización nas plataformas de comercialización. Segundo o tamaño da empresa, de novo cabe salientar o impacto nas microempresas TIC galegas xa que o 32,9% puxo en marcha ferramentas orientadas ao comercio dos seus produtos online. Finalmente, atendendo á ubicación da empresa, máis da metade das empresas TIC con sede en Lugo implementaron medidas dixitais na relación cos seus clientes.


## 4.2 Impacto na relación cos clientes

Cambios na relación cos clientes por sector.



Fonte: OSIMGA

Cambios na relación cos clientes por tamaño da empresa.



Fonte: OSIMGA

Cambios na relación cos clientes por provincia da sede.



Fonte: OSIMGA


## 4.3 Impacto na relación coas administracións públicas

A situación de crise sanitaria provocada pola pandemia por COVID-19 tamén ten impacto nos trámites e xestións que as empresas realizan coas Administracións Públicas. Os avances na adopción dos servizos públicos dixitais constitúen unha ferramenta fundamental para xestionar os trámites coas Administracións dunha forma máis sinxela e continuar coa operativa de negocio das empresas.

En particular, a interacción das empresas TIC galegas a través de internet coas Administracións continúa a súa tendencia ascendente. O 82,9% de ditas empresas interaccionaron de forma online coas Administracións Públicas en 2020, cun crecemento dun 5,9% no último ano.

O emprego de certificados dixitais é outro dos puntos claves que configuran unha relación plenamente electrónica entre Administración e empresas. O 69,6% das empresas TIC galegas utiliza algún certificado de sinatura dixital. A análise feita sobre o uso específico da sinatura dixital indica que o emprego maioritario é na súa relación coas Administracións Públicas xa que o 92,9% das empresas TIC que empregan a sinatura dixital, utilízaa principalmente para relacionarse coas as entidades públicas.

**Empresas TIC que interaccionaron coas Administracións Públicas no último ano por Internet**




Fonte: OSIMGA

## 4.4 Evolución do Teletraballo

A transformación dixital do posto de traballo favorece a aparición de diferentes escenarios tecnolóxicos e, para o sector TIC, tamén representa unha oportunidade de negocio.

Xorden novos conceptos de traballo, coma a deslocalización e o traballo dende o rural grazas a que o 63,4% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que teletraballan, aumentando nun 91,5% no último ano.


Empresas TIC con empregados/as que teletraballan en 2020



Fonte: OSIMGA

As empresas relacionadas coas “actividades informáticas” son as que empregan o teletraballo en maior medida (67,9%) pero achéganselle notablemente as empresas dedicadas a actividades “comerciais TIC” (65,5%).

Empresas TIC con empregados/as que teletraballan por sector de actividade




Fonte: OSIMGA

## 4.3. Evolución do Teletraballo

A fórmula do teletraballo está estendida a máis do 92% das empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as mentres que só o 61% das microempresas se acollen á fórmula do teletraballo.


Empresas TIC con empregados/as que teletraballan por tamaño da empresa



Fonte: OSIMGA

Segundo a ubicación xeográfica, obsérvase que na Comunidade Autónoma Galega as empresas TIC con sede en Pontevedra e A Coruña son as que empregan en maior medida o teletraballo.

Empresas TIC con empregados/as que teletraballan por provincia da sede




Fonte: OSIMGA

## 4.3. Evolución do Teletraballo

No período de restricións e confinamento, o teletraballo implantouse, en moitos casos, como a única alternativa para a viabilidade empresarial. Non obstante, na actualidade, esta fórmula de traballo en remoto parece configurarse como un novo modelo de xestión do traballo. Así, o 38,5% das empresas TIC galegas sinalan que a incidencia do teletraballo é comparativamente maior á situación existente antes da expansión da COVID-19.

**Incidencia actual do teletraballo na empresa respecto ao período anterior á expansión da COVID-19.**




Fonte: OSIMGA

## 4.3. Evolución do Teletraballo

As empresas TIC galegas que pertencen aos sectores “Comerciais TIC” e “Actividades informáticas”, son as que aprecian un maior incremento do teletraballo (58,5% e 53,1% respectivamente).


Incidencia do teletraballo respecto ao ano anterior por sector de actividade



Fonte: OSIMGA


O 84,5% das empresas grandes (10 ou máis traballadores/as) utiliza máis o teletraballo ca antes da crise sanitaria. No caso das microempresas, esta porcentaxe redúcese ao 34,8%.

Incidencia do teletraballo respecto ao ano anterior por tamaño da empresa



Fonte: OSIMGA

Incidencia do teletraballo respecto ao ano anterior por provincia da sede




Fonte: OSIMGA

## 4.4 Equipamentos para videoconferencias

En conexión co aumento de teletraballo, obsérvase un incremento significativo do uso de sistemas colaborativos para facilitar o desenvolvemento do traballo en remoto. O 65,5% das empresas TIC galegas empregou plataformas de videoconferencia no ano 2020, un 26,4% máis que no ano 2019.


**Tecnoloxía dispoñible: videoconferencia. Resultados por sectores**



Fonte: OSIMGA

O uso de videoconferencia incrementouse en todos os subsectores TIC pero destaca, especialmente, nas empresas dedicadas a actividades manufactureiras e comerciais TIC.


**Tecnoloxía dispoñible: videoconferencia. Resultados por sectores**



Fonte: OSIMGA



## 5. Conclusiones



### **O emprego no sector TIC refórzase en época de crise:**

O sector TIC de Galicia acadou os 19.343 traballadores/as en 2020, o que supuxo 359 novos empregos no ano 2020 e representa un crecemento do 1,9% respecto do ano anterior.

En canto ás áreas de actividade, obsérvase unha evolución desigual, sendo as empresas dedicadas ás actividades informáticas e ás telecomunicacións as que soportan o crecemento do sector TIC fronte ao resto dos subsectores.

### **Aumento da demanda de novos produtos e solucións TIC:**

O 34,8% das empresas TIC galegas afirma que as novas circunstancias e as novas necesidades dixitais aumentaron a demanda dos seus produtos.

Os principais servizos e produtos TIC que aumentaron a súa demanda debido á situación provocada pola crise sanitaria da COVID-19 foron os produtos de software, os servizos web e os equipamentos móbiles e de comunicación.

### **Impacto positivo no comercio electrónico**

Preto dun 32% das empresas TIC venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, un 7,1% máis que o ano anterior.

Entre as empresas TIC galegas que venderon por Internet, un 31,4% aumentou o volume de vendas en liña a raíz das novas circunstancias.

### **Incremento do nivel de dixitalización**

Unha de cada tres empresas TIC de Galicia implementou novas plataformas ou ferramentas dixitais para facilitar as compras online aos seus clientes.

### **Novas fórmulas de xestión do traballo**

8 de cada 10 empresas evitaron as reunións presenciais para relacionarse cos provedores.

O 63,4% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que teletraballan, aumentando nun 91,5% no último ano.

O 65,5% das empresas TIC galegas empregou plataformas de videoconferencia no ano 2020, un 26,4% máis que no ano 2019.



## 6. Metodología

## 6. Metodoloxía



### FICHA TÉCNICA DA ENQUISA A EMPRESAS TIC

**Ámbito territorial:** Galicia.

**Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos (Manufactureiras, Comerciais TIC, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)

**Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web OU con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.

**Tamaño da mostra:** 454 entrevistas a empresas dos sectores TIC descritos.

**Afixación polietápica:** estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.

**Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e  $p=q=0,5$  como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de +4,05%.

**Traballo de campo:** do 9 de setembro ao 6 novembro de 2020.

